REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 07.06.2023 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 31/05/2023 17:37:13
Nº Rexistro: 15452
Data envio: 31/05/2023 17:37:13.311

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de xuño de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 50608 (11/POC-009467)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para mellorar as condicións económicas e académicas do persoal lectorado de lingua galega e sobre as medidas que vai adoptar para garantir que as prazas de lectorado non fiquen desertas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 08.03.2023

1.2 51866 (11/POC-009628)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o aumento da taxa de abandono escolar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 475, do 30.03.2023

1.3 52999 (11/POC-009791)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis
Sobre o desenvolvemento das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 03.05.2023

Punto 2. Proposicións no de lei

2.1 47625 (11/PNC-004098)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 25.01.2023

2.2 48229 (11/PNC-004127)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

CSV: REXISTRO-GN3wUzHFd-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 31/05/2023 17:37:13
Nº Rexistro: 15452
Data envio: 31/05/2023 17:37:13.311

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 01.02.2023

2.3 53096 (11/PNC-004556)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar bens de interese cultural os bens mobles das Torres de Meirás
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 03.05.2023

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2023

Teresa Egerique Mosquera

Firmado digitalmente por Teresa Egerique Mosquera
Nombre de reconocimiento (DN): o=Parlamento de Galicia, cn=Teresa Egerique Mosquera, email=teresa.egerique.mosquera@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.05.31 17:04:21 +02'00'

Teresa Egerique Mosquera
Presidenta da Comisión

CSV: REXISTRO-GN3wUzHFd-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 31/05/2023 17:37:13
Nº Rexistro: 15452
Data envio: 31/05/2023 17:37:13.311

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 31/05/2023 17:04:21

CSV: REXISTRO-GN3wUzHFd-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Teresa Egerique Mosquera	P

Vicepresidenta

María Elena Suárez Sarmiento	P

Secretaria

Noa Susana Díaz Varela	S

Vogais

Daniel Castro García	BNG
María Sol Díaz Mouteira	P
José Luis Ferro Iglesias	P
Carlos Gómez Salgado	P
Manuel Antonio Lourenzo Sobral	BNG
Noelia Otero Lago	S
Mercedes Queixas Zas	BNG
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2023 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 07.06.2023 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 50608(11/POC-009467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 mçis

Sobre as previsi÷ns que ten a Xunta de Galicia para mellorar as condici÷ns econ÷micas e acadîmicas do persoal lectorado de lingua galega e sobre as medidas que vai adoptar para garantir que as prazas de lectorado non fiquen desertas

Publicación da iniciativa, 465, 08.03.2023

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50608
Data envio: 27/02/2023 14:23:20.533

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e **Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación na que se atopan os lectorados de lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño, o DOG publicaba *a ORDE do 13 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022.*

Os lectorados, tal e como se sinala na propia orde da convocatoria, teñen un dobre obxectivo. Por unha banda, o de "promover unha formación eminentemente práctica entre os titulados universitarios que cumpran cos requisitos de participación" e pola outra "fomentar a proxección exterior do galego no mundo académico da ensinanza superior".

Polo tanto, estamos a nos referir a unha figura central para garantir a proxección internacional da nosa lingua. Trátase, na práctica, de verdadeiras embaixadoras da lingua galega nas distintas universidades do mundo. Unhas prazas de importancia singular, homologábeis a outras figuras para a proxección das diferentes linguas oficiais do estado.

Mais a realidade que padecen os lectores e lectoras de lingua galega é moi diferente á que viven os lectores de idioma catalán, por exemplo. Trátase de condicións

CSV: REXISTRO-WA7T4dQkh-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50608
Data envio: 27/02/2023 14:23:20.533

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

académicas e económicas á hora de exercer as súas funcións que sitúan os lectores e lectoras de galego, non só nun agravio evidente a respecto de persoas que desenvolven o mesmo labor noutros idiomas, senón nun estado de precariedade que dificulta (cando non directamente imposibilita) o desenvolvemento das súas funcións.

A modo de exemplos, cómpre destacar circunstancias que non semellan razoábeis para exercer o labor de embaixadores do noso idioma nas universidades do mundo, como que as contías fiquen sen actualizar dende hai lustros ou que se entenda que unha persoa poida realizar os seus labores en capitais europeas con salarios de pouco máis de mil euros ao mes.

Se a esta situación engadimos a inestabilidade inherente ás prazas ofertadas ou dificultades como a ausencia de materiais académicos para exercer estes labores, poderemos entender que moitas destas prazas fiquen desertas dende hai anos.

Dende o BNG entendemos que a presenza internacional do noso idioma debe ser un dos grandes compromisos do goberno galego. Non se entende de ningunha maneira que algo tan relevante para o futuro do noso idioma se poida soster sobre piares de precariedade e abandono que fan que cada vez estas prazas sexan máis difíciles de cubrir.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Que medidas ten pensado levar adiante a Xunta de Galiza para mellorar as condicións económicas e académicas dos lectores de galego?

. Que medidas vai adoptar o goberno galego para garantir que non fiquen desertas as prazas dos lectorados?

CSV: REXISTRO-WA7T4dQkh-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50608
Data envio: 27/02/2023 14:23:20.533

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o goberno galego que moitas prazas de lectores de galego leven anos desertas?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/02/2023 14:18:53

Daniel Castro García na data 27/02/2023 14:18:56

Mercedes Queixas Zas na data 27/02/2023 14:19:06

CSV: REXISTRO-WA7T4dQkh-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 07.06.2023 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 51866(11/POC-009628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o aumento da taxa de abandono escolar

Publicación da iniciativa, 475, 30.03.2023

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 12:43:03
Nº Rexistro: 51866
Data envio: 23/03/2023 12:43:03.982

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e **Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

As taxas de emprego aumentan a medida que aumenta o nivel de formación: o 78% das e dos mozos con estudos terciarios ten emprego en España, 20 puntos porcentuais por encima dos que teñen como titulación máxima a ESO. É unha das conclusións que recolle o Ministerio de Educación do informe co que a OCDE radiografía a educación dos Estados membros. A Enquisa de Poboación Activa que analiza o abandono escolar recolle o último dato a ano cerrado, correspondente ao 2022, que sitúa a nosa comunidade por primeira vez en retroceso tras nove anos de mellora. En concreto, Galicia pechou o ano 2022 cun 9,9% de persoas de 18 a 24 anos que non completaron a segunda etapa de educación secundaria e non seguía formación, o que supón case dous puntos máis respecto ao dato de 2021, do 8,1%.

Daquela, desde a Consellería de Educación se relacionou directamente este descenso cos programas de mellora impulsados desde a Xunta en prol do esforzo e o éxito escolar. Vimos de pechar un ano de enormes dificultades económicas e sociais para as familias galegas que viron como, sen apenas ter superados os efectos da pandemia derivada da Covid, lles azoutaba a actual crise de prezos co conseguinte encarecemento da vida. As contas da nosa Comunidade Autónoma e no que atinxe á Consellería de Educación son a ferramenta para garantir a igualdade de oportunidades e a equidade e máis agora neste contexto de incerteza internacional que afecta directamente ás familias. Sabemos ademais que as nenas e os nenos e mozas e mozos xunto ás mulleres galegas son o sector máis vulnerable. Toda esta problemática, a Covid primeiro e a crise actual teñen un impacto demostrado tamén no

CSV: REXISTRO-4QEsZPAau-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 12:43:03
Nº Rexistro: 51866
Data envio: 23/03/2023 12:43:03.982

benestar e no estado anímico das e dos alumnos. Desenvolver todas as ferramentas posibles que están na man da Consellería de Educación para que ningún rapaz ou rapaza queden atrás debería de ter sido e ser máis que nunca unha obriga, pero o grado de execución das contas correspondentes ao terceiro trimestre en partidas como a 423B para a prevención do abandono escolar amosan un desleixo inxustificable xa que non chega sequera ao 40%. En concreto, unicamente executaron o 39,6%.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como explica a coincidencia entre o aumento da taxa de abandono escolar na nosa comunidade xunto a baixa execución da partida orzamentaria destinada a facer fronte a esta problemática?

2. Considera responsable deixar sen executar unha porcentaxe tan elevada de fondos para combater o abandono escolar nun momento no que a mocidade está a padecer as consecuencias das sucesivas crises no seu benestar e isto vén de quedar reflectido no empeoramento das cifras de abandono escolar da comunidade?

3. A que se debe a baixa execución da partida 423B?

Santiago de Compostela, 23 de marzo do 2023

CSV: REXISTRO-4QEeZPAau-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2023 12:43:03
Nº Rexistro: 51866
Data envio: 23/03/2023 12:43:03.982

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/03/2023 12:40:28

Noa Susana Díaz Varela na data 23/03/2023 12:40:36

CSV: REXISTRO-4QEeZPAau-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 07.06.2023 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 52999(11/POC-009791)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o desenvolvemento das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030

Publicación da iniciativa, 489, 03.05.2023

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2023 10:40:31
Nº Rexistro: 52999
Data envio: 21/04/2023 10:40:31.269

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Felisa Rodríguez Carrera, José Luis Ferro Iglesias, **Carlos Gómez Salgado** e **Moisés Rodríguez Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O ensino galego conta cun modelo propio, avalado polos resultados, polos bos resultados; un ensino galego que destaca por tres conceptos fundamentais: calidade, equidade e inclusión.

A Xunta leva anos implementando políticas que permitan a incorporación das novas tecnoloxías, da innovación e da dixitalización ao ensino galego.

O traballo desenvolvido nos últimos anos permite a Galicia contar agora coa Estratexia Educación Dixital 2030 coa que pretende o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento e o perfeccionamento das competencias e capacidades necesarias para acadar unha verdadeira transformación dixital.

Tal e como ten explicado o Goberno galego nesta Cámara e ao conxunto da sociedade, a Estratexia de Educación Dixital 2030 ten como obxectivos xerais:

- Que ninguén se quede atrás no proceso de dixitalización.
- Unha maior presenza da educación dixital e contextos híbridos de aprendizaxe, que mesturan o dixital e o presencial.

CSV: REXISTRO-1Mbvs3zfE-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2023 10:40:31
Nº Rexistro: 52999
Data envio: 21/04/2023 10:40:31.269

PARLAMENTO DE GALICIA

- A progresiva dixitalización de todo o que rodea ao mundo educativo.

- Atallar a fenda dixital e contribuír a loitar contra o reto demográfico e consolidar a poboación nas contornas rurais.

O Grupo Parlamentario Popular está convencido que coa aplicación desta Estratexia da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades a nosa comunidade está en condición de avanzar con paso decidido na transformación educativa dixital e tecnolóxica nos centros educativos.

Somos conscientes de que se están a desenvolver E aplicar diferentes medidas e iniciativas, entre elas, a creación de Polos Creativos, e unha aposta polas competencias dixitais no ensino galego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como está a desenvolver a Xunta as medidas previstas na Estratexia de Educación Dixital 2030?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 21/04/2023 10:35:22

Teresa Egerique Mosquera na data 21/04/2023 10:35:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/04/2023 10:35:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-1Mbvs3zfE-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2023 10:40:31
Nº Rexistro: 52999
Data envio: 21/04/2023 10:40:31.269

PARLAMENTO DE GALICIA

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/04/2023 10:36:17

José Luis Ferro Iglesias na data 21/04/2023 10:36:47

Gómez Salgado, Carlos na data 21/04/2023 10:37:11

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/04/2023 10:37:21

CSV: REXISTRO-1Mbvs3zfE-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 07.06.2023 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións no de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 07.06.2023 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 47625(11/PNC-004098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar as bibliotecas de Galicia e o sector do libro

Publicación da iniciativa, 441, 25.01.2023

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 47625
Data envio: 19/01/2023 16:09:06.951

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Na súa recente e recorrente valoración das estatísticas das bibliotecas públicas de Galicia correspondentes a 2020 elaboradas polo Ministerio de Cultura, a Asociación de profesionais dos arquivos, bibliotecas, museos e centros de documentación en Galicia (BAMAD) alertaba de varias cuestións que dan conta dun empeoramento da súa situación.

Se no ano 2018 eran 75 os concellos que non dispuñan de biblioteca, dous anos máis tarde eran xa 91, e isto a pesar de que o director xeral de Cultura anunciaba no Parlamento en 2020 que "un dos obxectivos máis inmediatos da Xunta é o de concretar novas ferramentas de cooperación coas administracións locais que permitan coñecer as necesidades bibliotecarias de cada unha delas".

E se ben é certo que este ano por fin sae adiante o proxecto de bibliotecas móbiles itinerantes -que darán servizo a 20 concellos-, tamén o é que esta iniciativa se fixo con moito do orzamento para 2023 que estaba destinado ás bibliotecas nas contas do Goberno galego.

Neste senso, e tal e como xa denunciou o Grupo Parlamentario Socialista, en materia de bibliotecas deixan en mínimos para o vindeiro exercicio a partida de investimentos dedicada á adquisición de libros en galego, que queda nun 17 % do que era. Esta cuestión contrasta cunha das conclusións do II Mapa de Bibliotecas, nas que se marcaban como reto "manter as medidas de apoio á produción en galego de calidade e á adquisición de recursos en galego".

Os últimos datos do Ministerio apuntan ademais que estamos por baixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada 1.000 habitantes.

Por outra banda, o marco lexislativo segue sen se desenvolver regulamentariamente, nomeadamente no que ten que ver coa organización e cooperación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia e coa inexistencia dun plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

CSV: REXISTRO-W9nu4zExP-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 47625
Data envio: 19/01/2023 16:09:06.951

Da diagnose e conclusións do II Mapa de Bibliotecas aprobado en maio de 2022 infírese que, tal e como apunta Bamad, é importante que "se desenvolvan e apliquen ferramentas de planificación que indiquen que servizos e de que características se deben ofrecer, en que aspectos é necesario investir e cara a onde se deben encamiñar os esforzos de cada punto bibliotecario".

Diante do que podería ser un notablemente mellor balance da situación das bibliotecas en Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Desenvolver regulamentariamente en 2023 a totalidade da Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia.

2º) Artellar unha estratexia de cooperación coas administracións locais para conseguir completar co servizo de biblioteca todo o territorio galego en 2023.

3º) Incrementar en 2023 a partida orzamentaria dedicada á adquisición de fondos en galego de xeito que supere o importe destinado no exercicio 2022 e co compromiso de non diminuíla en orzamentos posteriores.

4º) Aprobar no primeiro semestre de 2023 o Plan de fomento da lectura a que obriga a Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/01/2023 11:26:13

Noelia Otero Lago na data 18/01/2023 11:26:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/01/2023 11:26:38

CSV: REXISTRO-W9nu4zExP-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 07.06.2023 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 48229(11/PNC-004127)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vçzquez Domònguez Sandra, e 7 mçis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para conmemorar o 40 aniversario da Lei de normalización lingüística

Publicación da iniciativa, 446, 01.02.2023

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48229
Data envio: 24/01/2023 18:30:43.629

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vaźquez Domínguez, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Elena Súarez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

Exposición de motivos:

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia é a norma legal que establece o galego como a lingua propia de Galicia. Este texto, que cumpre catro décadas de vixencia este ano, foi clave para avanzar na preservación e o desenvolvemento do galego.

A lingua é esencial para explicar a identidade dos colectivos humanos. É o medio a través do que unha comunidade se expresa, se comunica e se representa a si mesma. Despois de décadas de marxinación política, a Lei de Normalización Lingüística, tivo como obxectivo fundamental devolver os usos normais do galego. Como indica o propio texto:

> *A Constitución de 1978, ó recoñece-los nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo constructivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.*

Este marco legal asegurou a conservación e o impulso do galego como un elemento fundamental da identidade e a cultura de Galicia despois de anos de marxinación.

CSV: REXISTRO-7MxAr0ZYn-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48229
Data envio: 24/01/2023 18:30:43.629

PARLAMENTO DE GALICIA

Desde a súa entrada en vigor, a Lei de Normalización Lingüística encárgase de protexer o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade incluíndo a educación, a administración, os medios de comunicación ou o ámbito empresarial. Por primeira vez, en democracia, os poderes públicos de Galicia deberían garantir o cumprimento da lei, adoptando as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Coincidindo coas súas catro décadas de vida é de interese facer balance de todo o conseguido nestes anos e, tamén, reflexionar sobre os retos actuais para garantir a presencia do galego en todos os ámbitos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha programación especial para conmemorar o 40 aniversario da Lei de Normalización Lingüística”.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2023 18:23:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-7MxArOZYn-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 48229
Data envio: 24/01/2023 18:30:43.629

PARLAMENTO DE GALICIA

Sandra Vázquez Domínguez na data 24/01/2023 18:24:23

Ovidio Rodeiro Tato na data 24/01/2023 18:24:44

Gómez Salgado, Carlos na data 24/01/2023 18:24:54

Rodríguez Pérez, Moisés na data 24/01/2023 18:26:20

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/01/2023 18:26:32

José Luis Ferro Iglesias na data 24/01/2023 18:27:01

Teresa Egerique Mosquera na data 24/01/2023 18:27:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 24/01/2023 18:27:28

CSV: REXISTRO-7MxArOZYn-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 07.06.2023 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 53096(11/PNC-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar bens de interese cultural os bens mobles das Torres de Meirás

Publicación da iniciativa, 489, 03.05.2023

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2023 16:36:09
Nº Rexistro: 53096
Data envio: 25/04/2023 16:36:09.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de incoar de maneira urxente o procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens mobles que pola súa vinculación co inmoble forman parte inseparable del.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de maio de 2021 a Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior aprobou por unanimidade a seguinte proposta de resolución, impulsada polo BNG e transaccionada coa emenda do PP:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Demandar da administración xeral do Estado que se interpoñan as accións xudiciais pertinentes para defender a titularidade pública dos bens mobles que deben formar parte do BIC, que son necesarios para explicar a súa historia, que son parte integrante e inseparable do conxunto, e que son de titularidade ou de dominio público.

2.- Actuar como parte coadxuvante nos procedementos xudiciais que se interpoñan pola administración xeral do Estado.

3.- Traballar conxuntamente coa administración xeral do Estado na adopción de todas as medidas previstas na lexislación, incluíndo medidas cautelares e urxentes, para garantir a unidade e integridade dos bens mobles que forman parte do BIC Torres de

CSV: REXISTRO-9SgE0cAqU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2023 16:36:09
Nº Rexistro: 53096
Data envio: 25/04/2023 16:36:09.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Meirás e para impedir un novo saqueo de bens que foron resultado do espolio franquista. E, neste sentido, advertir á familia Franco da imposibilidade de sacar de Meirás todos aqueles bens que non sexan os obxectos e utensilios de uso estritamente persoal e privado.

4.- Defender a incoación de maneira urxente do procedemento para a inclusión no BIC Torres de Meirás dos bens mobles que pola súa vinculación co inmoble forman parte inseparable del, e aplicación provisional a estes bens mobles do réxime de protección previsto para os bens de interese cultural.

5.- Levar a cabo as accións pertinentes para que os bens cunha declaración específica de BIC, as Estatuas do Mestre Mateo e a Biblioteca de Emilia Pardo, se manteñan en Galicia, en resposta ao sentir xeneralizado da sociedade galega".

Unha resolución necesaria para complementar a declaración BIC do Pazo de Meirás en 2008 que só abranguía os bens mobles, incluíndo todos os elementos que son imprescindíbeis para contar a historia do lugar.

Está clara a necesidade da declaración BIC, mais Xunta e Goberno Central non se poñen dacordo de quen ten que facela.

A Xunta pode e debe facelo. Xa o fixo no caso da biblioteca de Pardo Bazán, unha parte na que se integran unha gran cantidade de fondos bibliográficos situados en Meirás. Mais en abril de 2023 aínda non se iniciou o proceso para a declaración BIC dos bens mobles que forman parte da historia do Pazo de Meirás, contravindo o acordo parlamentar unánime do 5 de maio de 2021.

No grupo parlamentario do BNG facemos nosa a preocupación da cidadanía perante este abandono do patrimonio público galego e sumámonos ás recentes

CSV: REXISTRO-9SgE0cAqU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2023 16:36:09
Nº Rexistro: 53096
Data envio: 25/04/2023 16:36:09.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demandas de actuación urxente da AC Irmáns Suárez Picallo e a CRMH da Coruña a raíz da nova de o Xulgado de Primeira Instancia nº 1 da Coruña ter resolto recentemente autorizar a familia Franco á retirada de determinados bens mobles do Pazo de Meirás, como resultado da actual situación xurídica que sobre os bens mobles e o propio inmoble se seguen en diferentes ámbitos xudiciais.

De non actuar de urxencia, a familia Franco poderá sacar moitos bens de Meirás. En concreto 697 elementos - case 400 bens – inventariados no seu día pola Xunta de Galiza e que non foron reclamados polo Estado.

Algúns destes bens están ligados a algunha das dúas etapas de interese histórico no Pazo de Meirás (ou ben forman parte da etapa de Pardo Bazán e xa estaban no conxunto antes da chegada de Franco a Meirás, ou ben foron incorporados durante a ditadura) e teñen un enorme interese. En concreto, e a xeito de exemplos, pezas que adornan o salón da planta baixa da torre de levante e o contiguo a estes (conxuntos isabelinos, altar portátil de madeira, bargueños, consolas de parede ou pezas de porcelana).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a incoar o procedemento de declaración BIC dos bens mobles que pola súa vinculación co inmóbel forman parte inseparábel del, e aplicar provisionalmente a estes bens o réxime de protección previstos para os Bens de Interese Cultural."

CSV: REXISTRO-9SgE0cAqU-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2023 16:36:09
Nº Rexistro: 53096
Data envio: 25/04/2023 16:36:09.230

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2023 13:47:16

Xosé Luis Bará Torres na data 25/04/2023 13:47:25

CSV: REXISTRO-9SgE0cAqU-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/